

Obra do
de

Beat Box




2011-2012

- Que é iso do Beatbox!?


O Beatbox ou percusión vocal é o arte de executar ritmos tan só coa imitación de instrumentos musicais e a ampla variedade de sons producidos coa boca e a respiración.

Aínda que parella a xa ben coñecida cultura do Hip Hop (pois tratase do 5º elemento ou piar xunto co rap, breakdance, graffiti e dj) ou a estilos máis actuais de tipo dixital/electrónico, comparte as súas raíces coas músicas analóxicas tradicionais dos países máis dispares!

A aparición desta técnica vocal na televisión e sobre todo na internet fixo que emerxera do panorama 'underground' toda unha técnica musical simple, malia que non sinxela, creando ó seu redor todo un mundo de posibilidades.



O Beatbox, como un dos camiños máis rápidos e sen dúbida dos máis baratos para crear música, convertese en arte (mal chamado ás veces 'don') e nun dos bens máis prezados para quen é capaz de descifrar o código a base de práctica. Para quen non o sexa que peche os ollos e goce escoitando aquilo que 'é imposible que saia dunha boca'.



- Que aprenderei no obradoiro?


Neste obradoiro comezarei facendo un percorrido pola historia musical dende a 'percusión vocal' nas culturas máis tradicionais ata o 'beatbox' dos movementos urbanos máis actuais como é o Hip Hop, describindo o contexto social no que naceu e elementos dos que está composto.

A continuación descubrirei os trucos necesarios para imitar distintos instrumentos dende a básica batería ata o scratch dun vinilo así como as técnicas para unha correcta execución dos ritmos. Non é necesario que teñas coñecementos musicais extraordinarios, senón bo oído e bo gusto pola música.

En todo momento estaremos acompañados por unha video-presentación con imaxes, videos e fragmentos sonoros.

Os obradoiros intentan contaxiar un interese polo tema para que xa saias del facendo algúns beats e sabendo que tan só necesitas pórle ganas, xa que non é necesario nada máis!.

Apostarei, igual que fago na temática das miñas letras, pola non competición e os bos valores e ademais darei a coñecer os tipos de música que me rodean e estilos dos que gozo e de como a lingua galega tamén forma parte deles.




- E ti, de quen vés sendo?

Chámome Carlos Gende e nacín no '85 en Cerceda, a cal chamo cariñosamente 'A Cochikeira', mais foi polo 2002 cando tamén dinme a coñecer como Gendebeat. Cando descubrín o beatbox xa estaba enganchado á moda do rap: á parte musical e mais a das gorras e pantalóns frouxos.

Comecei a practicar ámbolos elementos dunha forma autodidacta e cando gañei un concurso vía web coa versión do Himno Galego en beatbox puiden dar a coñecer no xornal e na radio o que eu fago: beatbox e ragga, e dicir, unha mistura de rap e reggae.

A versatilidade que me brindou a práctica do que me gusta permitíume colaborar con grupos de estilos tan diferentes como DiosKeTe-Crew e K-raxe ou os cercedenses Machina e Zënzar. No máis recente formo parte de Selectah in Helicopta, un sistema de son no que canto e fago de 'sampler humano'..



- Impartiches máis obradoiros?

DES Coroso-Ribeira

Centro Social do Castiñeirinho-Compostela

DES Félix Muriel-Rianxo

Vdd xornadas de expresión oral

'Tiralle da lingua' da ASPG

DES O Mosteiron-Sada

DES Pedras Rubias-Salceda de Caselas

Asociación Musical Xuvenil Musiquina 33mg

Xornada para o DES de Ames,
DES de Vilalonga, DES Pazo da
Mercé, DES Lauro Olmo, DES
Pedro da Aguia e o DES Pobra do
Caramiñal

CPD Cernada de Castro-Lousame

Subete O Castro - Oficina Xuventude de Vigo

DES nº1 de Ordes

CPD de Panxón

CPD Progreso de Catoira

DES Pedro Florianí de Redondela

CPD Aurelio Marcelino Rey García de Cuntis

DES Francisco Aguiar de Betanzos

DES Camilo Jose Cela de Padrón

- Que necesitamos para realizalo?


O obradoiro prefiro dalo nunha aula o salón de actos onde todas as persoas asistentes esteades o máis achegadas a min. Deste xeito o ambiente será máis familiar e poderedes sentir mellor a potencia do beatbox.

Se ben para facer beatbox non necesitaria máis que leva-la boca comigo, para o obradoiro tamén levo un equipo de son, tan só necesito ter de man unhas cousiñas que me gustaría que me prestarades:



Unha encerado(branco ou de lousa) para escribir de vez en cando

Unha mesa para poñer o meu ordenador



Tomas de corrente



Un proxector con conexión VGA

Se non podedes aportar algunha das cousas ou tendes dúbidas dicídemo con antelación e vemos de arranxalo.

O número de asistentes non debería de ser moi excesivo para evitar distraccións e falta de atención, uns 25 estará ben. Para o caso de grandes masas e espazos máis grandes poderíase encamiñar o obradoiro cara unha exhibición con explicacións practicas e un pequeno concerto.

Ademais todo o alumnado que o desexe pode levar papel e lapis para tomar notas, aínda que non é moi necesario.

- Cobrarás algo por facelo!

Si, intentarase. Partirei de que o prezo por un único obradoiro de hora e media é de 150€, co desprazamento incluído. Se desexarades facer algun máis no mesmo día estes serían a 100€ cada un. De necesitar factura sumaráselle o IVE.

Estou receptivo a propostas na forma de organizalo obradoiro e a duración do mesmo: un único obradoiro, varios grupos na mesma xornada, varias xornadas para o mesmo grupo, etc. e dependendo diso podemos abaratar os custos. E como corren malos tempos para tod@s é cuestión de falalo e comentalo sen chegar a discutilo

- Interésasme, onde podo atoparte?

Podedes consultar calquera dúbida que vos xurda no seguinte e-mail: gendebeat@gmail.com

Intentarei ter un dialogo ordenado e cun chisco de protocolo para que todo saia ben, antes durante e despois do obradoiro.

Podedes tamén pasarvos polas seguintes webs:
myspace.com/gendebeat
youtube.com/gnd8or

Polo de agora penso que nada máis, foi un pracer e agardo vervos pronto. Saúde.



gndbeat